

2025

AVALIACIÓN da programación cultural de Carral 2025

CARLOS LORENZO PÉREZ
TÉCNICO MUNICIPAL DE CULTURA

índice

presentación	2
programación cultural do ano 2025	3
principais datos do ano 2025	6
evolución da programación cultural desde 2025	18
que opinan os que traballaron con nós no 2025	33
conclusiones	51
propostas	53
anexo (relación de actividades)	54

presentación

Os novos xeitos de traballo na administración local requiriron esforzos, tanto para traballadores municipais como para quen se relaciona co Concello, tanto veciños como provedores, artistas ou persoal técnico. Foron novidades que trouxeron resultados que posibilitaron unha mellor xestión, planificación, seguridade xurídica e compromiso económico.

O presente informe analiza unha serie de datos cuantitativos que permite colocar ao Concello de Carral nunha posición determinada no eido cultural dentro do conxunto de municipios galegos. Tenta detectar eivas ou fallos na configuración das propostas, valorar a evolución con respecto a exercicios anteriores e deixar rexistro duns resultados que co paso do tempo poden ser de interese recuperar.

Despois de que o fixeramos nalgunha avaliación de anos anteriores, incorporamos nesta do 2025 un apartado de valoracións que sobre o Concello de Carral e o seu departamento de Cultura fan empresas e profesionais que traballaron na programación nas súas diversas facetas. Consideramos que é necesario tamén facer análise do comportamento que o Concello de Carral ten dentro da paisaxe cultural galega para fornecer un sector sempre precario e non correctamente considerado socialmente.

Como ven sendo habitual neste tipo de documentos xa publicados en anos anteriores, mantemos a intención de que sexa doado de repasar e de comprender, polo que se opta por un estilo directo, esquemático e gráfico.

Cómpre agradecer toda a colaboración que ofrecen as persoas beneficiarias, persoal municipal e profesionais externos que dun xeito ou outro participan da programación cultural de Carral e da recollida de datos e información coa que podemos elaborar o presente informe.

programación cultural do ano 2025


O departamento de Cultura do Concello de Carral mantivo no 2025 unha intensa actividade cun total de 71 propostas ao longo de todo o ano. Contabilízase nesta memoria a programación deseñada polo técnico de Cultura e pola bibliotecaria, se ben outras actividades no que o servizo de Cultura participou foron concibidas alleas aos criterios profesionais de carácter cultural destes traballadores.

O servizo de Cultura segue a deseñar as súas propostas con obxectivos enfocados en:

- facilitar na poboación a adquisición de hábitos culturais
- difundir o valor da cultura como un dereito
- propiciar na poboación de Carral a práctica cultural e o desenvolvemento do seu sentido crítico
- aumentar o valor social da cultura
- confeccionar programacións atractivas para a poboación ao tempo que incluír modelos de expresión máis complexos e menos coñecidos que animen a descuberta e disfrute da totalidade da creación artística
- dar posibilidades de exhibición a todas as disciplinas artísticas
- aplicar estratexias de mediación que faciliten o disfrute das expresións artísticas minoritarias
- seguir fomentando a marca de Carral como territorio de riqueza cultural
- manter principios de igualdade e de respecto polo medio ambiente no conxunto da programación
- facer do espazo cultural un lugar seguro, de convivencia e de fornecemento da identidade
- facer da cultura un espazo e un tempo inclusivo
- loitar contra a precarización do traballo cultural
- defensa constante da cultura galega e en galego

Os programas que se levaron a cabo no 2025 foron os seguintes:

CONTACONTOS PARA A ANIMACIÓN Á LECTURA: teñen lugar o último xoves de mes de xaneiro a maio e de outubro a decembro. Este programa complementase con outras sesións específicas para bebés (0 a 3 anos) ou que se levan a cabo noutros espazos, especialmente en centros de ensino. É unha das programacións con maior oferta ao longo do ano.



CICLO DE CINE DOCUMENTAL GALEGO: proxeccións na Casa da Cultura de películas (longas e curtametraxes) galegas de xénero documental. Serve para ofrecer a posibilidade de exhibir unhas producións para as que non existen circuitos estables.



PREMIO DE POESÍA CONCELLO DE CARRAL: é o proxecto cultural con maior proxección e impacto fóra de Carral, sendo unha das referencias salientables da literatura galega. No 2025 bateu o record de participación con 100 obras presentadas ao concurso. O certame complementábase con obradoiros e concursos nos centros de ensino, así como cun acto no que se presenta a obra gañadora do ano anterior e entrégase o premio da edición última. Este acto contou cunha actuación performática de danza.



CULTURÚA: propostas de diferentes disciplinas (cine, música, teatro e maxia) e para todas as idades no Campo da Feira. É unha programación que ano a ano se consolida no verán con moi boa acollida de espectadores.

MÚSICAS E DANZAS ÍNTIMAS: principal programa dedicado á música que neste 2025 lle sumou espectáculos de danza. Tamén foi novidade que se desenvolvera no Campo da Feira.

NOITES DE MONÓLOGOS: tres sesións de narración oral con humor e retransca que abren sempre unha tempada de outono chea de propostas escénicas.

TEATRO DE OUTONO: nos meses de outubro e novembro está fixado no calendario cultural de Carral a programación teatral para adultos, aínda que incluíndo propostas recomendadas para a mocidades ou para gozar en familia.

PAPEQUES: é unha programación para a infancia que despois de probar en varias posicións do calendario, fixouse entre finais de novembro e as datas de Nadal, con propostas de todas as clases (contacontos, teatro, cine, música...)



Ademais destes programas máis estables, o departamento de Cultura foi engadindo exposicións, presentacións de libros, obradoiros e outras propostas ao longo da súa actividade anual. En total foron 71 actividades promovidas polo equipo municipal ou coa colaboración con outras entidades, asociacións ou persoas.




principais datos do ano 2025


Indícanse a continuación os principais datos da programación municipal do 2025, coas cifras de participantes e espectadores, o número de eventos e actividades e a media de asistencia en cada categoría.

TIPO DE ACTIVIDADE	Participantes	Nº eventos	Media asist.
Teatro, maxia, títeres e monólogos	2.046	23	89
Contacontos	797	19	42
Audiovisual	135	9	15
Obradoiros e Escolas	144	3	48
Outros (conferencias, presentacións...)	161	3	54
Danza	222	3	74
Música	749	6	125
Exposicións	236	3	79
Concursos de poesía	177	2	89
TOTAL	4.667	71	


Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

No recuento de asistencia por sexos (homes e mulleres) os datos son os seguintes:

Asistencia por sexo	Nº
Homes	1.833
Mulleres	2.834
TOTAL	4.667

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia


Sobre os datos de actividades previstas para os diferentes perfís de públicos, expóñense os seguintes resultados:

Perfil de público	Nº asistentes	Nº actividades
Infantil	1.498	29
Mocidade	591	5
Familiar	533	6
Adultos	2.045	31
TOTAL	4.667	71

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia


Deste primeiro bloque de datos salientamos que:

- As artes escénicas (teatro, maxia, monicreques e monólogos) segue a ser a categoría con máis presenza na programación, tanto no número de propostas coma nas cifras de asistencia de público.
- As sesións de contacontos para a animación á lectura son o segundo tipo de actividades con máis presenza nos datos recompilados.
- A música suma público para chegar a ser a terceira modalidade con máis seguimento.
- A danza vai gañando presenza na programación, ao igual que aconteceu coas exposicións.
- O xénero cultural que mellor resultado obtén na media de asistencia é a música.
- A oferta para público adulto foi a que acadou a cifra total máis alta de seguimento, en canto que no referente ao número de propostas en pouco superou ás infantís.

Vexamos neste seguinte apartado como se distribuíron as actividades nos diferentes espazos usados para a programación municipal de Cultura.

Espazo	Nº actividades
Biblioteca	17
Sala de audiovisuais	10
Edif. Toñito Espiñeira	5
Local Xente Nova	16
Campo da Feira / na rúa	10
Centros de ensino	6
Centro Antón Fraguas	0
Museo Castro das Travesas	1
Pista cuberta de Paleo	1
Escola Infantil	1
Outro	4
Total	71

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Pasamos agora a revisar datos relativos ás actividades incluídas en redes, festivais, programas provinciais ou que foron asumidas polo Concello de Carral na súa totalidade.

Actividades por	Nº
Rede Cultural	17
Cultura no Camiño	2
Ler conta moito	3
Rede Normalización Lingüística (Xunta)	1
Festival Galicreques	1
Normalización lingüística Deputación	1
Elas son artistas	2
Dinamiz-ArtJ	4
Afundación	1
Centro Dramático Galego	3
Propias ou en colaboración	33
Outono das Artes (Deputación)	3
TOTAL	71

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



A continuación abordamos datos económicos, tanto sobre subvencions percibidas como sobre os importes investidos na programación. Sobre as axudas económicas, directas ou indirectas, percibidas desde outras administracións, podémolas resumir na seguinte táboa:

Organismo concedente	Programa	Importe €
Deputación da Coruña	Rede Cultural	19.844,84
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Dirección Xeral de Cultura)	Ler conta moito	802,46
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Dirección Xeral de Cultura)	Axuda indirecta para o Certame de Poesía Concello de Carral	2.500,00
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Secretaría Xeral da Lingua)	Axuda indirecta para o Certame de Poesía Concello de Carral	1.000,00
Agadic (Xunta de Galicia)	Cultura no Camiño	2.500,00
Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (Instituto para la Transición Justa)	Dinamiz-ARTj (axuda indirecta para espectáculos do 2025)	3.025,00
Total axudas		29.672,30

Fonte: elaboración propia

As axudas indirectas son aqueles importes que atenden directamente as entidades concedentes. Son gastos dos que se ve eximido o Concello de Carral.

Hai que indicar que neste exercicio percibiuse un premio económico de 1.000 € polo premio Rodolfo Prada á Xestión Cultural que a Deputación de Ourense concedeu polo Premio de Poesía Concello de Carral no ano anterior.

No que atinxe a gastos por categorías de actividades, presentamos a seguinte táboa que ofrece datos sobre o gasto total, a media de gasto por participante e a media de gasto por actividade:

Categoría	Asistencia	Nº eventos	Total gasto €	Media gasto € por participante	Media gasto € por actividade
Teatro, maxia, títeres, circo, monólogos...	2.046	23	38.904,60	19,01	1.691,50
Contacontos	797	19	5.883,43	7,38	309,65
Audiovisual	135	9	2.731,87	20,24	303,54
Obradoiros e Escolas	144	3	2.665,00	18,51	888,33
Outros (conferencias, club lectura...)	161	3	1.150,00	7,14	383,33
Danza	222	3	8.564,34	38,58	2.854,78
Música	749	6	11.094,44	14,81	1.849,07
Exposicións	236	3	0,00	0,00	0,00
Concurso de poesía	177	2	4.250,00	24,01	2.125,00
Total gasto €			75.243,67		


Fonte: elaboración propia

Cos datos destas dúas táboas podemos confeccionar unha terceira que nos indique as porcentaxes de recursos propios e de ingresos que afectaron directamente a atender os gastos. Hai que indicar que algunhas das axudas destináronse a actividades das que se beneficiou o Concello de Carral mais que non se atenderon desde a caixa municipal. Son as anotadas como "axudas indirectas". A efectos de cómputos nesta memoria, non se teñen en conta esas cifras como gastos no anexo (páxina 54) que resume a programación, indícase como gasto "0 €".

Orixe dos recursos	Importe	Porcentaxe sobre o total do gasto
Subvencions	23.147,30	30,76 %
Fondos propios	52.096,37	69,24 %
TOTAL	75.243,67	100 %

Fonte: elaboración propia

Orixe dos recursos




Fonte: elaboración propia

En canto ao número de actividades que estiveron subvencionadas dun xeito ou outro, podemos presentar esta táboa resumo:

Actividades subvencionadas			
Nº actividades subvencionadas	% actividades subvencionadas	Nº actividades non subvencionadas	% actividades non subvencionadas
45	63%	26	37%


Fonte: elaboración propia

% actividades subvencionadas




Fonte: elaboración propia

Vexamos agora graficamente como queda repartida a porcentaxe do gasto total por categorías:



Fonte: elaboración propia

Nos seguintes gráficos temos opción de ollar como resultaron as medias de gasto por participante e por evento segundo as diversas categorías de actividades.




Fonte: elaboración propia


Tendo en conta que o censo de Carral a 1 de xaneiro de 2025 era 6.836 habitantes (fonte IGE) calculamos o gasto por habitante en cada categoría e o total.

Categoría	Gasto € por hab.
Teatro, maxia, títeres, circo, monólogos...	5,69
Contacontos	0,86
Audiovisual	0,40
Obradoiros e Escolas	0,39
Outros (conferencias, club lectura...)	0,17
Danza	1,25
Música	1,62
Exposicións	0,00
Concurso de poesía	0,62
TOTAL PROGRAMACIÓN	11,01

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Desta parte referida aos espazos, redes, subvencións e datos económicos, podemos salientar:

- A Biblioteca e o Local Xente Nova son os espazos que máis actividades culturais acollen na programación anual.
- A Rede Cultural da Deputación da Coruña sobresaíe no número de espectáculos como o círculo dos que se pode beneficiar o Concello de Carral.
- Case a metade da programación son propostas que executa o departamento de Cultura sen apoio de subvencións ou redes.
- Unha terceira parte do orzamento total gastado na programación do 2025 contou con financiamento a través de subvencións.
- Dúas terceiras partes dos eventos da programación cultural estiveron subvencionados.
- O gasto na oferta de artes escénicas (danza, teatro, maxia, títeres, circo, monólogos...) supuxo dúas terceiras partes do orzamento.
- A danza e o certame Concello de Carral de poesía foron as categorías cunha maior media de gasto por participante, duplicando as seguintes categorías con maiores índices.
- Tamén o concurso poético e a danza foron as categorías con maior media de gasto por actividade.



Pecharemos este capítulo dos principais datos do 2025 coas táboas e gráficas de análise dos valores sobre igualdade de xénero das actividades e sobre o reparto da programación ao longo do ano.


Desde o ano 2020 lévase a cabo un seguimento do aspecto da **igualdade de xénero** na programación cultural. Establecéronse catro valores segundo as actividades sexan máis ou menos favorecedoras da igualdade entre sexos. Así, fixéronse os seguintes valores e criterios:

- **A:** Sen presenza da muller en ningunha faceta salientable da actividade.
- **B:** Presenza feminina nalgunha faceta visible da actividade e contido favorecedor cara a muller.
- **C:** Presenza feminina en varias facetas da actividade e contido que promova a figura da muller.
- **D:** Presenza maioritaria da muller nas principais facetas da actividade (creación, dirección, elenco, técnica...) e contido que promova a figura da muller.

Os datos deste epígrafe obtidos no 2025 son os seguintes:

Actividades por igualdade de xénero	
Tipo	Nº
A	21
B	16
C	17
D	17

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Revisamos a continuación como se distribuíron as actividades ao longo do ano:

Actividades por meses	
Xaneiro	3
Febreiro	5
Marzo	5
Abril	2
Maio	8
Xuño	6
Xullo	2
Agosto	6
Setembro	5
Outubro	13
Novembro	9
Decembro	7

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

- Nas actividades programadas houbo un reparto bastante semellante entre os catro índices para considerar o valor en materia de igualdade de xénero.
- O outono segue a ser a época de maior densidade de programación cultural, con outubro como mes máis cargado de propostas e abril e xullo como os de menos oferta.




evolución da programación cultural desde 2015

Resulta importante na análise dos resultados da oferta cultural municipal, cal está sendo a evolución dos datos obtidos. Este traballo de avaliación levámolo facendo cuns mínimos de detalle desde o ano 2015. Sumamos así unha década de datos que achegan información sobre os acertos e as eivas non superadas nos deseños das programacións.

Seguindo unha orde semellante aos informes de exercicios anteriores, ofrecemos os seguintes datos e interpretación gráficas:

Evolución nº actividades	
Ano	Nº Actividades
2015	50
2016	62
2017	73
2018	71
2019	73
2020	67
2021	80
2022	75
2023	76
2024	72
2025	71

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Para analizar como está a ser a evolución da programación anual en número de actividades por categorías, elaboramos a seguinte táboa e gráfica:

Nº de actividades por categoría e ano											
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Teatro, maxia, títeres e monólogos	14	19	16	15	22	15	23	28	20	26	23
Contacontos	7	10	10	13	11	10	10	11	18	20	19
Audiovisual	14	18	21	26	16	20	15	6	6	10	9
Obradoiros e Escolas	2	5	7	6	7	6	6	4	4	3	3
Música	4	5	8	5	9	9	11	7	6	3	6
Exposicións	2	1	6	5	3	1	1	4	1	2	3
Danza	0	0	0	0	0	0	2	1	2	5	3

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

No que atinxe á **evolución dos beneficiarios** nestes anos, podemos amosar os totais e os desagregados polas categorías que manexamos neste informe. Debemos indicar que na avaliación do 2024, debido a que foi a primeira ocasión na que se incorporaron os datos de participación no Premio de Poesía Concello de Carral e nos concursos de poesía escolar e xuvenil, sen que en anos anteriores se detallaran esas cifras, o autor da avaliación decidiu que quedarán excluídos. Mais para a presente análise rectifica a decisión e inclúe os devanditos datos, tanto do exercicio 2025 como do 2024.


Asistencias totais por categoría e ano											
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Teatro, maxia, títeres e monólogos	843	1710	1013	1149	1836	638	1587	2137	1932	2067	2046
Contacontos	425	718	751	821	700	247	166	424	716	869	797
Audiovisual	405	490	606	603	789	295	217	328	173	210	135
Obradoiros e Escolas	31	199	241	150	233	114	167	152	186	128	144

Música	420	782	702	519	1013	859	554	745	497	295	749
Exposicións	220	70	8005	778	345	110	150	3277	95	135	236
Festas	860	70	280	220	250	1200	-	-	-	-	-
Danza	-	-	-	-	-	-	313	52	110	70	222
Outros (conferencias, presentación...)	165	155	136	87	148	213	362	773	34	69	161
Concursos de poesía	-	-	-	-	-	-	-	-	-	166	177
TOTAIS	3452	4214	11972	4327	5314	3676	3516	7888	3743	4009	4667


Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Se ben son relevantes os datos totais para estimar a evolución de asistencia ás propostas culturais por categorías, consideramos que nos aporta un nivel superior de conclusións as gráficas da evolución das medias de asistencia por categoría. A continuación ofrecemos estes datos das principais categorías:

Medias de asistencias por categoría e ano											
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Teatro, maxia, títeres e monólogos	60	90	63	77	83	43	69	76	97	80	89
Contacontos	61	72	75	63	64	25	17	39	40	43	42
Audiovisual	29	27	29	23	49	15	14	55	29	21	15
Obradoiros e escolas	16	40	34	25	33	19	28	38	47	43	48
Música	105	156	88	104	113	97	50	106	83	98	125
Exposicións	110	70	1334	156	115	110	150	819	95	68	79
Danza	0	0	0	0	0	0	157	52	55	70	74

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia


Sobre esta serie de datos podemos hacer as seguintes consideracións:

- Mantense o nivel de número total de propostas anuais, cun leve descenso que só supón unha actividade menos que no 2024.
- Despois dun descenso no 2024, a música recuperou pasados niveis no 2025.
- As artes escénicas sumaron menos propostas que no ano anterior.
- Mantense un crecemento no total de asistentes á programación cultural anual, exceptuando o pico do 2022 na gráfica na que a exposición dedicada a José Gestal "Cardoña" sumou un dato moi elevado, na liña do acontecido no 2017 coa exposición *Fotos para as mil historias de Carral*.
- A asistencia total á oferta de audiovisuais mantén o descenso de exercicios anteriores.
- A danza tivo un ascenso salientable no 2025.
- Agás para a oferta de audiovisuais, a media de asistencia ás diferentes categorías manteñen unha tendencia ascendente ou de mantenza.

Analicemos agora a evolución dalgúns datos económicos. Comecemos ollando a evolución do orzamento gastado anualmente con datos que temos recollidos desde 2021.

Ano	Orzamento total de gastos (€)
2021	61.474,54
2022	76.274,04
2023	52.228,15
2024	61.010,55
2025	75.243,67

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Calcularemos como cifra de referencia para valorar a evolución da programación ao longo dos último anos as medias totais de gastos por asistentes aos eventos ou actividades culturais.

Ano	Orzamento	Asistencia	Media de gasto
2021	61.474,54	3.516	17,48
2022	76.274,04	7.888	9,67
2023	52.228,15	3.758	13,90
2024	61.010,55	4.009	15,22
2025	75.243,67	4.667	16,12

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

- O gasto total na programación mantén unha tendencia de aumento durante os tres últimos anos, aproximándose ao de 2022 que supuxo o máximo desta serie.
- O aumento do gasto no 2025 supuxo un 23% do orzamento do exercicio anterior.
- A media de gasto por asistente mantén a tendencia de crecemento desde 2022.

Fixémonos agora na evolución dalgúns dos programas específicos que desde hai anos forman parte da oferta cultural municipal. Son a programación dos ciclos *Músicas Íntimas*, *Teatro de Outono*, *Noites de Monólogo* e o *Premio de Poesía Concello de Carral*. Revisaremos tamén datos da Biblioteca municipal.


Ciclo Músicas Íntimas

Analizamos o ciclo Músicas Íntimas, que é a principal aposta musical para adultos do departamento de Cultura e que ten sufrido salientables mudanzas nos últimos anos. Este ciclo naceu para desenvolverse na Piscina municipal, mais reformas recentes nestas instalacións obrigaron a buscarlle novos espazos. No 2025, na busca de que esta programación medrara en públicos, trasladouse ao Campo da Feira e confeccionouse un programa que engadía danza contemporánea, dándolle tamén cabida así a unha disciplina que en xeral precisa de máis presenza na oferta cultural en Galicia en xeral e nomeadamente na de Carral. Así, no 2025, este ciclo pasou a chamarse **Músicas e danzas íntimas**. Pasouse de ofrecer en dous días dous concertos de pequeno formato a que foran dous concertos e dous espectáculos de danza para espazos non convencionais.

Observemos os principais datos da súa evolución:

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Espectadores	77	160	181	97	128	55	47	44	35	335

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

- As mudanzas feitas no 2025 demostraron un maior impacto na captación de públicos cun aumento moi salientable de asistentes.
- A fórmula de xuntar en cada xornada un espectáculo de danza contemporánea cun concerto, contribuíu a unha transferencia mutua de públicos dunha disciplina a outra.

Ciclo Teatro de Outono


Este programa teatral é o que máis propostas ofrece, con boas cifras de público que chega incluso desde outros municipios da comarca. Este ciclo conta cun detallado informe específico de avaliación disponible en <https://carral.es/blog/cultura-presenta-a-avaliacion-do-seu-ciclo-teatro-de-outono-2025/>

Aquí amosamos os datos de media de asistencia desde 2017:

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Media asistentes	65	62	67	53	73	109	117	96	84

Fonte: elaboración propia

Evolución da media de asistencia Teatro de Outono



Fonte: elaboración propia


- Despois do significativo aumento de público desde a pandemia, nos dous últimos anos existe un descenso de asistentes, se ben a avaliación específica demostra a consolidación e interese deste programa.

Ciclo Noites de Monólogo

Este ciclo de narración oral para público adulto é outro dos programas xa consolidados na oferta anual de Cultura do Concello de Carral, que serve despois do verán e das Festas do Socorro para iniciar un sempre intenso outono de actividade cultural. No ano 2025 contou con tres espectáculos. A evolución da media de público é a seguinte:

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Media de asistentes	67	56	46	45	28	33	76	52	121	85	111

Fonte: elaboración propia




- Se ben o crecemento na media de público é inconstante, a tendencia xeral desde 2019 demostra o aumento no interese que esperta esta programación de monólogos.

Premio de Poesía Concello de Carral

Este é o proxecto cultural máis antigo do Concello de Carral, que no 2025 cumpriu 28 edicións. No eido dos autores e autores de poesía escrita en galego, o Premio Concello de Carral é unha das principais referencias. Desde que no ano 2023 se implantou un sistema de presentación telemática das obras, o aumento de poemarios presentados ao certame é moi salientable, con cifras nada habituais neste tipo de concursos. A evolución de obras presentadas é a seguinte:

Obras presentadas					
Ano	Nº obras	Ano	Nº obras	Ano	Nº obras
1997	8	2007	33	2017	46
1998	21	2008	38	2018	38
1999	31	2009	42	2019	44
2000	29	2010	46	2020	41
2001	18	2011	53	2021	56
2002	25	2012	40	2022	44
2003	18	2013	38	2023	90
2004	40	2014	36	2024	94
2005	10	2015	23	2025	100
2006	17	2016	54		

Fonte: Elaboración propia



Fonte: Elaboración propia

- O crecemento do número de obras presentadas é moi significativo nos tres últimos exercicios, chegando no 2025 ao record de participación.


Préstamos e novos membros da Biblioteca municipal

Resulta tamén de interese botar unha ollada aos datos de usuarios da Biblioteca que fan uso do servizo de préstamo, así como dos datos de novos socios e socias que se unen en Carral á Rede de Bibliotecas de Galicia.

Comezando cos datos de número de usuarios, preséntanse a continuación os totais desde o ano 2021.

	2021	2022	2023	2024	2025
Nº de socios/as	1259	1360	1476	1557	1614

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

No que atinxe aos préstamos do fondo da Biblioteca, ofrecemos datos desde o exercicio 2018 diferenciando préstamo xeral (adultos e mocidade) e infantil.

	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Préstamo xeral	683	979	691	1459	2354	3099	2963	3373
Préstamo infantil	1475	1724	267	234	903	1475	1666	1937
TOTAL	2158	2703	958	1693	3257	4574	4629	5310

Fonte: Biblioteca municipal



Fonte: elaboración propia

- Mantense un crecemento continuo na cifra de persoas asociadas aos servizos da Biblioteca de Carral, cunha media anual de 89 novos membros.
- Os préstamos tamén evolucionan medrando sobre todo nos exemplares para público adulto.



que opinan os que traballaron con nós no 2025


Na avaliación do ano 2025 incluímos algúns datos e consideracións que fan do Concello de Carral, artistas, técnicos e persoal de produción e distribución que durante o ano traballou no desenvolvemento da programación cultural municipal. Para iso trasladóuselles un cuestionario, que segundo o perfil profesional de quen o contestara, tiña unhas preguntas específicas, se ben existían algunhas comúns. Parécenos moi importante esta parte da avaliación, xa que é un punto de vista alleo aínda que moi próximo, que é capaz de detectar eivas e virtudes que desde a propia administración non somos quen de percibir ou valorar.

Esta enquisa sobre a súa experiencia co departamento de Cultura do Concello de Carral foi atendida por 47 persoas.

Perfil profesional	Nº
Persoal artístico ou creador	31
Persoal técnico	3
Persoal de distribución, produción ou administrativo	13
TOTAL	47

Fonte: elaboración propia


En que condición participou na programación cultural do Concello de Carral no ano 2025?




Fonte: elaboración propia




Ofrecemos a continuación as gráficas que resumen as respostas dadas polo **personal artístico**:



Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Considera que o perfil de público que asistiu era o axeitado para o tipo de actividade ou espectáculo?



Fonte: elaboración propia

En que aspectos cre que debe incidir o Concello de Carral para mellorar a calidade da programación na que estivo incluída a súa actividade ou espectáculo?



Fonte: elaboración propia

Indique aqueles aspectos que mellor valora da súa relación co departamento de Cultura do Concello de Carral



Fonte: elaboración propia


Volvería a traballar nas mesmas condicións co departamento de Cultura do Concello de Carral?



Fonte: elaboración propia


A continuación achegamos as gráficas que resumen as respostas do cuestionario ao **persoal técnico**.

Indique a disciplina da actividade que levou a cabo en Carral




Fonte: elaboración propia


En que espazo desenvolveu a súa actividade?




Fonte: elaboración propia





Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia




Considera que o persoal municipal responsable da actividade ou espectáculo estaba precavido e preparado para a resolución de incidencias?




Fonte: elaboración propia

Valore a atención e comportamento do público beneficiario da actividade ou espectáculo



Fonte: elaboración propia

En que aspectos técnicos cre que debería incidir o Concello de Carral para mellorar a calidade do seu traballo na programación na que estivo incluída a súa actividade ou espectáculo?




Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia


Tamén nos resulta de interese coñecer as valoracións que fai o persoal de distribución, administración e produción, que de xeito xeral non intervén directamente na actividade ou espectáculo mais si en tarefas previas e posteriores fundamentais na relación co Concello de Carral. Así, presentamos a continuación as gráficas dos resumos das respostas dadas aos cuestionarios de **persoal de distribución, produción e administrativo**.

Resultoulle doado contactar co departamento de Cultura do Concello de Carral para ofrecerlle as súas propostas?




Fonte: elaboración propia

Valore como foi o proceso para formalizar a contratación ou compromiso para contar en Carral coa súa actividade ou espectáculo




Fonte: elaboración propia

Resultoulle doado contactar co departamento de Cultura do Concello de Carral para atender asuntos relativos á organización da actividade ou espectáculo comprometido?




Fonte: elaboración propia

Como valora a publicidade ou promoción da actividade ou espectáculo que fixo o departamento de Cultura ?




Fonte: elaboración propia

Como valora ao persoal municipal de Cultura polo seguimento feito da actividade desde a súa contratación ata a súa execución e pagamento?



Fonte: elaboración propia


Considera que a actividade ou espectáculo executouse segundo o pactado previamente co departamento de Cultura?




Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Indique aqueles aspectos QUE MELLOR VALORA da súa relación co departamento de Cultura do Concello de Carral?




Fonte: elaboración propia

Indique aqueles aspectos QUE PEOR VALORA da súa relación co departamento de Cultura do Concello de Carral?




Fonte: elaboración propia






Fonte: elaboración propia

Por último, pedíuselles a todos os profesionais que atenderon as enquisas, fose cal fose ou seu perfil profesional, que responderán a estas dúas preguntas xerais:



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Os cuestionarios contaban con preguntas abertas do tipo *Indique, se o desexa, algún comentario o suxestión sobre o funcionamento do departamento de Cultura do Concello de Carral que nos axude a mellora* ou *Neste apartado pode facer comentarios ou suxestións sobre o funcionamento do departamento de Cultura do Concello de Carral ou sobre a súa experiencia colaborando con nós*. Indícanse a continuación as respostas voluntarias (mantese a literalidade das respostas):

- *Aquíntamos, pra axudar no que se poida*
- *Non se me ocorre nada a mellorar*
- *Levo 50 anos levando a maxia por todas as comarcas de Galicia e opino que o Concello de Carral está entre os 10 mellores polo seu apoio a todas as artes escénicas e tamén polo seu compromiso coa nosa CULTURA. Unha pregunta: Como se pode mellorar o q ben funciona. Mil primaveras máis para o departamento de Cultura do Concello de Carral.*
- *Así a bote pronto nada que comentar... todo de 10*
- *No relativo a anterior pregunta. Pensamos que volveríamos unha e mil veces ao concello de Carral pola resposta do público e o coidado e trato recibido por parte dos empregados municipais. Con todo, pensamos que urxe, para mellorar aínda mais a cantidade de público e tamén a calidade da realización das propostas a mellora do espazo. Tanto para que o público este mais cómodo como para que os actores nos atopemos mais cómodos. A maiores é unha pena que moitas propostas de altísima calidade non entren no espazo, algo que sempre fai que aumente o público no resto da programación.*
- *Como suxestión, que se controle que a rapazada á que vai dirixida a actividade cumpla o requisito do baremo de idade indicado.*
- *A única suxestión a facer é que o traballo tanto de departamento de cultura como das traballadoras das artes escénicas e mesmo o público merecen un espazo mais axeitado.*
- *Pola nosa parte, quedamos moi contentos co Concello e co departamento de Cultura. Carlos foi atento e eficaz sempre.*
- *Ampliar este tipo de actividades ao longo do ano. Eso fomenta e promover a cultura local e sirve de exemplo a outros concellos facendo mellorar a formación humana d@s cidadáns.*
- *Necesidade imperiosa dun espazo acorde á calidade da programación.*
- *Dende un punto de vista administrativo, de xestión da produción e das facturas, pouco que obxectar. Saúdos !*
- *Todo perfecto.*
- *O traballo de Carlos, técnico de cultura, é a base que este espazo funciona a este nivel. Nótase que hai un traballo continuado por detrás, para que todo salga ben. E un esforzo constante, e con moito agarimo, para mellorar ano tras ano. Tampouco dubido que o resto do equipo de goberno estea a distinto nivel, entendo que é un traballo conxunto do concello e do seu compromiso coa cultura en xeral. Desde o meu punto de vista os resultados están aí dunha forma ou outra.*

- *Creo que se necesita un espazo de actuación mellor para que luzcan as obras e xs espectadorxs estean máis cómodos.*
- *Valoro moito o coñecemento da xente e a área pra a que se programa.*

• *Moita implicación.*

• *O personal de cultura e o público de Carral é marabilloso, pódense mellorar as instalacións. E dentrodo que xa está, os camarins, por exemplo.*

• *Sempre positiva e cun grado de implicación que debería ser exemplo para outros moitos concellos.*

• *Programación de máis espectáculos de Circo, tanto no Teatro como na rúa, ademáis de danza.*

• *Levamos anos colaborando co Departamento de Cultura e agardamos seguir presentando propostas musicais que sexan ben recibidas como hasta o de agora.*

• *Todo perfecto.*

• *A experiencia foi facilitada con cercanía, profesionalidade e amabilidade. Tamén resultou moi interesante e útil a presentación introductoria que se fixo antes de comezar a obra que puxo en contexto tanto o espectáculo como aos profesionais que traballamos arredor del. Gracias polo traballo, un pracer!*

• *Sería ideal contar cun espazo escénico con mellor dotación técnica e máis acolledor para o público.*

• *Todo ben.*

• *A maiores, gustárame salientar que a experiencia global foi moi positiva e que estou moi contenta de ter traballado co Concello de Carral e co equipo implicado.*

• *Necesidade de mellores instalacións para facer o noso traballo.*

• *Encantado desta colaboración.*

• *Un pracer traballar co Técnico de Cultura!*

• *Facer distintas comunicacións para atraer a novos públicos*



Sobre todos estes aspectos consultados aos profesionais que traballaron na programación cultural de Carral do 2025, podemos salientar as seguintes valoracións:

- Valórase moi positivamente a profesionalidade, o trato recibido e as facilidades para traballar co departamento de Cultura.
- As principais melloras posibles suxeridas refírense á calidade das instalacións, ao aumento da programación ao longo do ano, ás condicións do público para desfrutar dos espectáculos e dispor de persoal propio para as necesidades técnicas.
- Existe marxe de mellora para as condicións de seguridade de hixiene dos espazos así como para a carga e descarga do material e equipamentos necesarios para as actividades.
- Se ben hai unha boa valoración da publicidade e promoción que o departamento de Cultura fai das súas propostas, hai marxe para mellorar estes aspectos.
- Indícase a facilidade para o proceso de facturación e boa consideración para o tempo que tardaron en cobrar.
- Practicamente o 100% dos enquisados volverían a traballar co Concello de Carral.
- Manifestan moi boa valoración da actividade cultural municipal de Carral.
- O 84% indican que o departamento de Cultura de Carral é mellor que na maioría dos concellos cos que teñen traballado.



conclusións

Cos datos que se foron expoñendo, podemos indicar algunhas das conclusións que consideramos máis salientables:

- Con respecto ao anterior exercicio, houbo un incremento de 581 persoas no número de participantes nas actividades, o que supón un 14% máis que no ano 2024.
- As artes escénicas (teatro, monicreques, monólogos, maxia...) mantense como a categoría con máis propostas e público.
- As propostas para a animación á lectura na infancia (de 0 a 8 anos) que se desenvolveron na Biblioteca municipal, chegaron a ser a segunda categoría na oferta do 2025.
- O plan para que a música gañe presenza ao longo do ano coa intención de que aumenten novos públicos para este xénero, deu como resultado que chegara a ser a terceira modalidade.
- O plan iniciado en exercicios anteriores para mellorar a presenza da danza na oferta cultural en Carral, vai dando resultados satisfactorios, aínda que discretos.
- O Premio de Poesía Concello de Carral acadou un record de participación realmente excepcional e no que fai previsible que descenda a cifras máis realistas e na sintonía con outros certames galegos de prestixio semellante.
- O novo modelo do programa Músicas (e Danzas) Íntimas supuxo un crecemento moi salientable con respecto ás tres últimas edicións (957% con respecto á edición do 2024).
- Os meses de outubro e novembro son os de máis densidade de programación.
- Mantense a tendencia de aumento do ano anterior no gasto directo para a execución da programación.
- Desde o 2022 mantense a evolución crecente da media de gasto por participante.
- Os servizos de préstamo da Biblioteca conservan un crecemento constante desde o ano do COVID-19 acadando duplicar as cifras totais de 2019.
- A Deputación da Coruña, a través da Rede Cultural, segue a ser a administración que máis diñeiro achega para o desenvolvemento da programación cultural.
- Co programa DinamizART-j estase a conseguir unha estabilidade no crecemento das programacións.
- A Biblioteca na Casa da Cultura e o Local Xente Nova son os espazos máis utilizados para a oferta cultural, sumando os dous case a metade da programación.

- Dous terzos do gasto directo total para levar a cabo as actividades atendéronse con fondos propios do Concello de Carral, ao tempo que dous terzos do número total de propostas contaron con colaboración económica doutras administracións ou entidades.
- Se ben todas as categorías tenden a mellorar os índices de participación, as propostas audiovisuais manteñen unha tendencia descendente.
- É salientable o crecemento constante e en proporcións amplas do número de exemplares emprestados ao longo do ano na Biblioteca municipal.
- As valoracións que fan do Concello de Carral en xeral e nomeadamente do departamento de Cultura os profesionais que traballaron na programación do 2015, son moi boas, chegando a considerar ao noso Concello mellor que a maioría dos outros nos que xa traballaron.
- Como aspecto a solucionar máis destacado segue a estar a necesidade de mellorar os espazos.



propostas

Considerando todos os datos expostos e expresando as principais conclusións, detéctanse eivas ou tendencias que cómpre corrixir para mellorar os niveis de impacto da programación cultural na sociedade carralesa.

Con fin de mellorar os impactos da programación cultural nos vindeiros exercicios propónse:

- A mellora dos espazos nos que se desenvolven as actividades, incluíndo a construción dun teatro, permitiría mellorar as cifras de creación de novos públicos, ao tempo que se melloran as condicións para o traballo dos profesionais. Cada vez se fai máis urxente abordar esta situación para evitar o desánimo por non sermos capaces de atender as condicións necesarias e demandadas para propoñer unha oferta cultural de calidade.
- Mellorar na planificación estratéxica da cultura e fuxir da improvisación. Manter a visión de que a cultura é un dereito e un factor de mellora social que contribuirá á construción dun Carral mellor.
- Seguir deseñando as programacións de xeito planificado e con rigoroso control orzamentario coordinado entre os departamentos de Cultura e Intervención.
- Propiciar as estratexias transversais con outras áreas municipais para que a cultura favoreza en maior medida a mellora sociocultural dun municipio que está en crecemento e transformación.
- Planificar a toma de medidas para mellorar aspectos inclusivos na programación, dotándose de recursos e formación para a progresiva implantación dunha oferta apta para tod@s.
- Atender os colectivos inmigrantes que teñen dificultades para achegarse a un modelo cultural que aínda consideran alleo.
- Explorar posibilidades para motivar a participación da mocidade nas programacións. Incentivar neles o achegamento ao Concello para propoñer iniciativas do seu interese.
- Manter a atención naquelas manifestacións culturais máis minoritarias ou que teñen menor demanda, para confeccionar unha oferta equilibrada, ampla e que contribúa á creación de hábitos culturais e de novos públicos. Estimar estratexias de mediación que enriquezan esta medida.
- Fornecer os recursos bibliotecarios para que poida manter o nivel de demanda crecente que quedou de manifesto.
- Coidar os modelos de traballo no departamento de Cultura e nas áreas coas que se relaciona para manter a boa imaxe que ofrece o Concello de Carral coas empresas e profesionais coas que opera no eido cultural. Aproveitar esta boa imaxe para fornecer a marca de Carral como concello comprometido coa cultura.
- Manter as estratexias de programación que posibilitan a oferta desde outras administracións de propostas culturais en condicións vantaxosas das que se pode beneficiar a cidadanía de Carral.

anexo

Por último achégase a relación de actividades do 2025. Indícanse as actividades, as datas, a participación, se foi subvencionada ou non, o gasto asociado directamente ao seu desenvolvemento e a cifra de custo resultante por participante.

Data	Actividade	Partic	Subven.		€	€/part
			Si	Non		
21/1/25	Exposición Nós tamén fomos emigrantes	60	X		0,00	0,00
30/1/25	O autobus do Teatro (CDG): Nada se sabe	22	X		0,00	0,00
30/1/25	Contacontos: Viaxe a África - Trinketrinke Teatro	48		X	375,00	7,81
20/2/25	Contacontos: M. Ortíz - Casa casiña casona	40		X	423,50	10,59
20/2/25	Documental: Julio Camba: o home que non...	17	X		310,31	18,25
21/2/25	Contacontos: Cuentos de Maleta: Zeina	12	X		0,00	0,00
27/2/25	Contacontos: Aprendendo a querer - Trinketrinke Teatro	38		X	375,00	9,87
27/2/25	Documentais: Dores e Na pel da memoria	10	X		320,62	32,06
6/3/25	Documental: Spitsbergen: o gardián do Ártico	12		X	310,31	25,86
13/3/25	Documental: Os espazos en branco	15		X	310,31	20,69
20/3/25	Documental: Filtrando a luz (Asoc. Brexa...)	33		X	10,31	0,31
27/3/25	Exposición pinturas de Pilar Alamillo	125		X	0,00	0,00
27/3/25	Contacontos: Paxariños - Trinketrinke Teatro	38		X	401,17	10,56
10/4/25	Contacontos: Os ratiños da caixa	24		X	375,00	15,63
24/4/25	Contacontos: Lonxedeto en festas - Trinketrinke Teatro	43		X	375,00	8,72
6/5/25	GPA- Avelino González	65	X		880,00	13,54
9/5/25	Obradoiro de poesía CEIP - Dores Tembrás	112		X	1560,00	13,93
9/5/25	Contacontos Príncipas e Princesos - Pablísimo	125		X	709,77	5,68
9/5/25	28º Premio de Poesía Concello de Carral	100	X		4250,00	42,50
15/5/25	Contacontos: Conto! Canta! - Manuela Varela	43		X	400,00	9,30
29/5/25	Contacontos: Contos para andar o Camiño - Trinketrinke T.	34		X	340,91	10,03
30/5/25	O Ritual - Constance Hurlé	27	X		0,00	0,00
30/5/25	Acto 28º Premio de Poesía Concello de Carral	27	X		270,00	10,00
7/6/25	Obradoiro Títeres de Calcetín - Galitoons	23	X		500,00	21,74
6/6/25	Concursos escolar e xuvenil de poesía	77	X		0,00	0,00
12/6/25	Contacontos - Canto conto - Raquel Queizás	24	X		440,00	18,33
20/6/25	Cine ao aire libre: Salta!	25	X		850,32	34,01
26/6/25	Teatro de Rúa: Moby Dick - Pedras de Cartón	125	X		1331,58	10,65
27/6/25	Contacontos: A avoa Mariña - Cris de Caldas	86		X	659,99	7,67
23/7/25	O Reto - Os Bolechas	170	X		0,00	0,00
24/7/25	Concerto Paco Nogueiras - <i>C@nto Contigo</i>	95	X		470,85	4,96
14/8/25	Un baile ceibe: Fran Sieira Cía de Danza	110		X	5738,16	52,17
14/8/25	Concerto de Abril	75	X		3679,37	49,06
15/8/25	Analepsis. Paula Quintas	85	X		2826,17	33,25
15/8/25	Concerto de SeKadra	65		X	3330,30	51,24
21/8/25	Punto en boca - Raquel Crespo (CDG)	90	X		605,00	6,72
22/8/25	50 (1975-2025) - O Mago Antón	218	X		3752,51	17,21
12/9/25	Monólogo <i>Enredadas</i> de Leti da Taberna	116	X		1331,00	11,47
18/9/25	contacontos bebés: Levántate Xan! - Caxoto	23	X		363,00	15,78
19/9/25	Monólogo Non quero molestar - Xavier Veiras	139		X	420,00	3,02
25/9/25	Contacontos Polo correo do vento	12	X		0,00	0,00
26/9/25	Monólogo Anacos - Carlos Rebolo	79	X		484,00	6,13
2/10/25	Documental Prisciliano e a Gallaecia	5	X		0,00	0,00
3/10/25	Teatro: As gardiás ou o nó do tecelán - Teatro Ningures	79	X		5135,63	65,01
9/10/25	Documental Lévame a idea	4	X		0,00	0,00
10/10/25	Teatro: Neura - DeSte Xeito Producións	91	X		2901,25	31,88
15/10/25	¿A donde van los ríos? La Pepa del Mamoncillo	52	X		650,00	12,50
17/10/25	Teatro: As damas de Ferrol - Teatro do Noroeste	103	X		2350,00	22,82
18/10/25	O Autobus do Teatro (CDG): A Serie Clopen	24	X		0,00	0,00
19/10/25	Obradoiro de ilustración Elas Son Artistas	9		X	605,00	67,22
23/10/25	Contacontos Miudiños - Marisa Irimia	39		X	236,00	6,05

24/10/25	Teatro: As formas do amor – Verdeveras Prod.	104	X		3300,00	31,73
30/10/25	Contacontos - Viaxe a Sudamérica - Trinketrinke	43		X	590,00	13,72
30/10/25	Concerto Elas Son Artistas - Adhara & Ritman	250		X	1823,91	7,30
31/10/25	Teatro: Tolóptica -	49	X		0,00	0,00
6/11/25	Exposición O Fin do Camiño	51	X		0,00	0,00
6/11/25	Presentación Libro Monte Xalo - Lois Vilar Hermidas	69	X		0,00	0,00
7/11/25	Teatro: O que verdadeiramente quixen... - Butaca Zero	98	X		3199,63	32,65
13/11/25	Contacontos bebés: Bebé-Babá	43	X		0,00	0,00
14/11/25	Teatro: Cortello de Amor – Amorodio Teatro	85	X		2948,37	34,69
21/11/25	Teatro: Desexo – Talía Teatro	94	X		2043,63	21,74
27/11/25	Contacontos: Asociación animais solidarios	49		X	375,00	7,65
28/11/25	Teatro: Compañía – Xampatito Pato	51	X		3267,00	64,06
29/11/25	Música: Pakolas: a Ramona pequena vai á lúa	74	X		0,00	0,00
4/12/25	Cine: Una familia de superhérores	14	X		350,00	25,00
5/12/25	Teatro: Monstros no Camiño - Teatro Gazafellos	22	X		0,00	0,00
11/12/25	Teatro función escolar: Kyoki - Elefante Elegante	102	X		2480,00	24,31
12/12/25	Teatro: Nanai da China - Pérez&Fernández	37		X	2100,00	56,76
13/12/25	Teatro: Pen Pal - A Tropa do Rueiro	96		X	605,00	6,30
17/12/25	Concerto e obradoiro EmerXencias - Xoán Curiel	190	X		1790,00	9,42
18/12/25	Contacontos: Familias diversas	33		X	375,00	11,36
TOTAL		4667			75243,67	

